



Ref.: XCA/am (Exp. 647/14)
S/r.:

ILMO. CONCELLO DE BUEU	
REGISTRO XERAL	
Data	28 SET. 2015
ENTRADA	SAÍDA
Núm	1186

Concello de Bueu
EduardoVincenti, 8
36071-Bueu

ASUNTO: Remisión de copia da resolución de autorización do **proxecto de control arqueolóxico continuo das obras de rexeneración do contorno da igrexa de Santiago de Ermelo, Bueu.**

Para o seu coñecemento e efectos, achégolle copia da resolución delegada de data 17.09.2015, pola que se autoriza a intervención arqueolóxica das obras arriba indicadas, realizadas baixo a dirección de Néstor Bacelar Domínguez.

Pontevedra, 17.09.2015



A xefe do Servizo de Patrimonio Cultural

Iria Martínez de la Rosa

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 17/09/2015 17:25:49

SAÍDA 105236 / RX 1235264





Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria

Exp.: 647/14.

Asunto: Proxecto de control arqueolóxico continuo das obras de rexeneración do contorno da igrexa de Santiago de Ermelo, Bueu.

Promotor: Concello de Bueu.

Código asignado: **ED 102A 2015/372-0.**

Elemento patrimonial afectado: Xacemento arqueolóxico da igrexa e mosteiro de Ermelo (GA36004014), ben cultural inventariado.

FEITOS

- 1.- O promotor remite o proxecto de control arqueolóxico continuo das obras de rexeneración do contorno da igrexa de Santiago de Ermelo, Bueu, asinado por Francisco Alonso Toucido e Néstor Bacelar Domínguez e para o que solicita autorización Néstor Bacelar Domínguez.
- 2.- O devandito proxecto conta co informe favorable dos servizos técnicos da Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra de data 16.09.2015, xa que cumpre o establecido no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e presenta unha metodoloxía axeitada para a consecución dos obxectivos propostos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- 1.- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.
- 2.- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- 3.- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG nº 230 do 3 de decembro)
- 5.- Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 13 do 18 de xaneiro)
- 6.- As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e ordenación urbana (Lei 9/2002) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
- 7.- Resolución do 3 de febreiro de 2012, pola que se delega nos titulares dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 36 do 21 de febreiro).

De acordo con todo o exposto, RESOLVO

Autorizar a realización do control arqueolóxico continuo das obras de rexeneración do contorno da igrexa de Santiago de Ermelo, Bueu, baixo as seguintes condicións:

- 1.- Deberanse comunicar coa suficiente antelación as datas de inicio e remate da intervención á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- 2.- De apareceren restos arqueolóxicos en posición primaria informarse, de inmediato, ó devandito departamento territorial, para a adopción das medidas oportunas.
- 3.- Rematada a actuación presentarse, **por duplicado**, o informe valorativo da intervención, no prazo máximo de dez días e a memoria técnica e copia da acta de depósito, estendida polo responsable legal do Museo, no prazo de seis meses. Unha copia desta documentación presentarse en soporte dixital.

Dirección arqueolóxica: **Néstor Bacelar Domínguez.**

Situación: **Ermelo, Bueu.**

Tempo de realización: **7 días.**

Clasificación da actividade: **Preventiva.**

Os materiais arqueolóxicos depositaranse no prazo de seis meses no: **Museo Provincial de Pontevedra.**

Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, se é o caso, por aplicación das lexislacións sectoriais e das ordenanzas municipais.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Pontevedra, 17.09.2015

A directora xeral do Patrimonio Cultural

(Resolución do 03.02.2012)

Ó xefe de servizo de Coordinación da Área Cultural

Jose Manuel González González

